



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 20 DE ABRIL DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 10:30 horas do día 20 de abril de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 18-04-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández

Vocais:

Dna. Susana García Alvarez
Dna. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Rubén Pérez Correa
D. Secundino Otero Failde

Secretario: D. José Manuel Vieites Alén

ORDE DO DÍA:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión de 06-04-2016.

Deixase pendente a aprobación ata unha nova sesión da Mesa.

b) Acta da sesión de 08-04-2016

Deixase pendente a aprobación ata unha nova sesión da Mesa.

c) Acta da sesión de 11-04-2016

Deixase pendente a aprobación ata unha nova sesión da Mesa.

d) Acta da sesión de 15-04-2016



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 19:22	Páxina 1 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAH43-E3E857-EDCD35-BNNHYM-ML3L9P-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Deixase pendente a aprobación ata unha nova sesión da Mesa.

2.- Apertura de documentación administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reparacións discontinuas da calzada na rúa Tomás Alonso. (expediente 3517-440).

Non se tratou este asunto xa que aínda non se recibiron as tódalas ofertas enviadas por correo.

3.- Apertura de oferta económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reparacións discontinuas da calzada na rúa Tomás Alonso. (expediente 3517-440).

Non se tratou este asunto xa que aínda non se recibiron as tódalas ofertas enviadas por correo.

4.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de vestiario para o persoal do concello. (expediente 3494-440).

Faise entrega do informe de 14-04-2016 das técnicas de prevención de Riscos Laborais de valoración do criterio de valoración "seguridade da prenda".

5.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos.

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración de vestiario para o persoal do concello. (expediente 3494-440).

A mesa por unanimidade acepta o informe de 14-04-2016 das técnicas de prevención de Riscos Laborais de valoración do criterio de valoración "seguridade da prenda".

A vista deste informe e engadindo as 18-12-2015 ás puntuacións totais para os criterios valorables mediante xuízo de valor é a seguinte:

Lote 1 Peycar 20 puntos.

Lote 4: Costa Oeste 16 puntos.

Lote 5: Costa Oeste 19 puntos.

6.- Incidencias.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 19:22	Páxina 2 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAH43-E3E857-EDCD35-BNNHYM-ML3L9P-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

a) **Procedemento aberto para a contratación dos servizos de salvamento e socorrismo nos areas do concello de Vigo.(expediente 11483-306). Subsanación de documentación presentada por AP 10, S.L.**

Polo Secretario da Mesa se informa a Mesa de Contratación que o licitador AP 10, S.L. presentou a subsanación da documentación persoal que lle fora solicitada no oficina de correos da localidade de Rincón de La Victoria (Malaga) o día 11/04/2016 polo tanto dentro do prazo para presenta-la (finalizaba o 12-04-2016). A documentación foi recibida o 13-04-2016 no Rexistro Xeral do concello de Vigo.

A vista das circunstancias e como a documentación foi presentada dentro do prazo outorgado para a subsanación a Mesa por unanimidade acorda admitir a documentación presentada e polo tanto deixar sen efecto a exclusión da oferta acordada pola mesa celebrada o 13-04-02.

Tra-la comprobación da documentación presentada a Mesa acorda por unanimidade:

Non admitir a oferta presentada por AP 10, S.L. xa que non declarou solvencia económica suficiente para executar o contrato.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 10:55 horas. De todo elo eu secretario dou fe.

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

O Secretario

D. David Regades Fernández

D. José Manuel Vieites Alén



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 19:22	Páxina 3 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAH43-E3E857-EDCD35-BNNHYM-ML3L9P-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		